



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque,2
15781 Santiago de Compostela
Tf.: 881 996 301 Fax: 881 996 306
sxl.secretaria@xunta.gal
www.lingua.gal



Celga



GUÍA PARA AS PERSOAS CANDIDATAS



Xacobeo 2021

Guía para as persoas candidatas



1



CELGA 1 CELGA 2 CELGA 3 CELGA 4

CONTIDOS

1.Introdución.....	3
2.Perfil das persoas candidatas.....	3
3.Requisitos para presentarse ás probas.....	3
4.Dereitos das persoas candidatas.....	4
5.Obrigas das persoas candidatas.....	4
6.Definición xeral dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.....	5
7.Estrutura das probas Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.....	7
8.Calendario e orde de administración das probas.....	9
9.Probas de exames especiais.....	9
10.Niveis de competencia e contidos.....	9
11.Temas.....	10
12.Tipos de texto e documentos sonoros.....	11
13.Criterios e escalas de avaliación das probas.....	12
14.Sistema de corrección das probas.....	17
14.1.Sistema de corrección da proba escrita.....	17
14.2.Sistema de corrección da proba oral.....	17
15.Resultados das probas.....	17
16.Recomendacións finais.....	18



1.Introdución

Este documento contén información de interese sobre as probas para a obtención dos certificados de lingua galega (**Celga**) que se realizarán en Santiago de Compostela e Ponferrada.

Esta guía foi concibida como unha ferramenta para facilitar o coñecemento da estrutura, contido, corrección e avaliación das probas Celga para todas aquelas persoas candidatas.

Estas probas están reguladas polo marco legal e administrativo establecido nos seguintes documentos:

- **Lei 3/1985**, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), pola que se garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego como lingua do noso pobo.
- **Orde do 1 de abril de 2005** pola que se regulan os cursos de formación en lingua galega e as súas validacións, que se dita para darlle cumprimento á invitación do Consello de Europa. Nela convida os Estados membros a crearen sistemas de homologación das competencias lingüísticas sobre a base do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación (MECRL), publicado no 2001.
- **Orde do 16 do xullo de 2007** pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, que derroga os artigos 1, 2, 3, 4, 14, 15, 16, 17, 18 e 19 da Orde do 1 de abril de 2005.
- **Orde do 10 de febreiro de 2014** pola que se modifica a orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os devanditos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

2.Perfil das persoas candidatas

As persoas que se presentan ás probas teñen perfís moi diferentes, tanto no que se refire ao país de procedencia, como ao nivel de estudos e motivación.

3.Requisitos para presentarse ás probas

Poderán presentarse ás probas persoas de calquera nacionalidade que desexen obter unha certificación oficial que faga constar o seu nivel de competencia comunicativa en lingua galega.

Deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser maiores de 16 anos ou facelos no ano natural da convocatoria.
- Realizar, dentro dos prazos establecidos, os trámites requiridos para este procedemento que están descritos na devandita Resolución, publicada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.



4. Dereitos das persoas candidatas

Adaptación das probas para persoas con diversidade funcional

As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33% que as imposibilite para acreditar algunha das destrezas comunicativas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita) poderán solicitar motivadamente a exención da realización da proba ou probas referidas a estas destrezas.

De necesitar algún tipo de axuda para a realización das probas por mor dunha discapacidade, a persoa indicará na súa solicitude o apoio concreto que precisa (lectura fácil-para persoas con discapacidade intelectual-, máis tempo, maior tamaño de letra, lupa, un ordenador, probas en Braille, intérprete de lingua de signos...).

En todo caso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística valorará se a discapacidade alegada dá lugar á exención e/ou ao apoio solicitados.

Dereito a reclamar

Tras publicarse os *resultados provisionais*, as persoas interesadas poderán solicitar, no prazo de 10 días naturais, a revisión das probas por parte da Comisión Central de Avaliación. Deberán enviar un escrito dirixido á Secretaría Xeral de Política Lingüística ou á conta de correo:

sxpl.probas-celga@xunta.gal.

A Comisión Central de Avaliación, despois de revisar as probas, comunicaralles ás persoas interesadas os criterios que determinaron a cualificación obtida.

Así mesmo, tras publicarse os *resultados definitivos*, as persoas que o desexen poderán interpoñer, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa publicación, un recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura e Turismo, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o que dará lugar a unha nova revisión do exame.

5. Obrigas das persoas candidatas

As persoas candidatas deberán:

- ser puntuais e presentarse 30 minutos antes da hora de entrada, no lugar e na data de realización das probas, provistas do documento que acredite a súa identidade (DNI, NIE ou pasaporte) e dun bolígrafo. Non se admitirá ningún material de apoio,
- deixar o seu DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade sobre a mesa na aula correspondente,
- cubrir cos seus datos persoais a folla inicial do exame,
- manter apagados os teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico durante as probas,
- entregar todos os documentos de exame (incluídos os borradores) ao finalizar a proba correspondente,
- saír da aula en silencio para non molestar as demais persoas que continúen



realizando a proba.

6. Definición xeral dos niveis Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4

Está recollida no documento [*Niveis de competencia en lingua galega*](#)

Celga 1

A persoa que supere o Celga 1 posuirá un dominio da lingua xeral que lle permita satisfacer as necesidades máis primarias de comunicación: será capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente, relacionadas con áreas que lle son especialmente relevantes (información elemental sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións etc.); saberá relatar, describir, expoñer e demandar, en termos sinxelos, aspectos relacionados coa súa experiencia persoal, co seu contorno ou con interaccións sociais básicas; saberá comunicarse para levar a cabo tarefas cotiás que non requiran máis ca intercambios simples e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais e en situacións de comunicación previsibles etc. É dicir, mostrará unhas capacidades comunicativas elementais pero suficientes para desenvolverse en contextos próximos e familiares, materializadas nun repertorio lingüístico aínda esquemático e vehiculadas especialmente a través da oralidade.

Celga 2

A persoa que supere o Celga 2 posuirá un dominio da lingua que lle permita participar con relativa seguridade e eficacia en distintas situacións de comunicación cotiá, do traballo e do estudo, que requiran un uso da lingua fundamentalmente previsible. Comprenderá sen dificultade mensaxes orais e escritas referidas a ese tipo de contextos e será quen de producir textos breves, tanto oralmente coma por escrito, para describir, relatar, preguntar ou responder sobre cuestións que se refiran a eses ámbitos. No que respecta ao uso do código, terá un dominio básico da lingua na súa realización estándar, que se manifestará na utilización correcta das estruturas morfosintácticas básicas da lingua e do vocabulario asociado cos temas propios deses contextos comunicativos: as relacións interpersoais, as institucións, a climatoloxía, o contorno físico etc.

Celga 3

A persoa que supere o Celga 3 posuirá un dominio da lingua que lle permita intervir nun conxunto variado de situacións de comunicación. As estruturas gramaticais e léxicas que utilizará proporcionaranlle a suficiente flexibilidade e capacidade para usar a lingua en situacións menos previsibles. Comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá os elementos principais dos secundarios. Será capaz de producir textos comprensibles e cun grao alto de corrección normativa sobre temas diversos e tamén poderá defender un punto de vista sobre cuestións



xerais, indicando os proles e os contras das distintas opcións. Poderá desenvolverse sen moitas dificultades en contextos en que o galego é lingua de traballo e interacción, polo que estará en condicións, por exemplo, de participar en cursos académicos ou en intercambios universitarios en Galicia.

Celga 4

A persoa que supere o Celga 4 será capaz de comprender unha ampla variedade de textos orais e escritos extensos e cun alto nivel de dificultade. Poderá expresarse de forma bastante fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos (persoal, público e académico), sen mostrar moita dificultade para encontrar as expresións máis axeitadas. Será capaz de producir textos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade e para distintos fins. Mostrará un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica, así como dos mecanismos máis comúns de organización e cohesión textual.





7.Estrutura das probas Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4

Celga 1	
Proba escrita	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> Consta de dúas partes, a A1 e a A2. Antes da reprodución do audio ou vídeo da proba A1 terán 5 minutos para a lectura da tarefa. Nas tarefas A1 e na A2 deberán escribir un texto de 150 palabras en cada unha, no formato que se lle indique: mensaxe electrónica, carta etc. <p>A proba escrita terá unha duración máxima de dúas horas.</p>	<p>Consta de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na primeira deberá ler un texto ou ver/escoitar un documento sonoro e poderá tomar as notas que precise (5 minutos aprox.). Son para consultar durante a proba, non para ler. Na segunda parte, o persoal examinador vai facerlle unha serie de preguntas de benvida que non son avaliábles (1 minuto aprox). Despois indicarlle á persoa candidata que comeza propiamente a proba cunhas preguntas de contacto persoal (3 minutos aprox.), a continuación indicarlle que faga un resumo (1-2 minutos aprox.) e, por último, está a fase de interacción co persoal examinador (4 minutos de conversa aprox.). <p>A proba oral terá unha duración máxima de 10 minutos e será gravada como garantía do proceso.</p>
Modelos de exame Celga 1	

Celga 2	
Proba escrita	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> Consta de dúas partes, a A1 e a A2. Antes da reprodución do audio ou vídeo da proba A1 terán 5 minutos para a lectura da tarefa. Nas tarefas A1 e na A2 deberán escribir un texto de 200 palabras en cada unha, no formato que se lle indique: mensaxe electrónica, carta, un texto informativo, unha nota etc. <p>A proba escrita terá unha duración máxima de dúas horas.</p>	<p>Consta de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na primeira deberá ler un texto ou ver/escoitar un documento sonoro e poderá tomar as notas que precise (10 minutos aprox.). Son para consultar durante a proba, non para ler. Na segunda parte, o persoal examinador vai facerlle unha serie de preguntas de benvida e contacto persoal que non son avaliábles (1-2 minutos aprox.). Despois indicarlle á persoa candidata que comeza propiamente a proba coa parte de resumo (2 minutos aprox.), a continuación a fase de relato (3 minutos aprox.) e, por último, a de interacción co persoal examinador (4 minutos de conversa aprox.). <p>A proba oral terá unha duración máxima de 10 minutos e será gravada como garantía do proceso.</p>
Modelos de exame Celga 2	



Celga 3	
Proba escrita	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> Consta de dúas partes, a A1 e a A2. Antes da reprodución do audio ou vídeo da proba A1 terán 5 minutos para a lectura da tarefa. Nas tarefas A1 e na A2 deberán escribir un texto de 300 palabras en cada unha, no formato que se lle indique: artigo, mensaxe electrónica, carta, informe, texto informativo etc. <p>A proba escrita terá unha duración máxima de dúas horas e media.</p>	<p>Consta de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na primeira deberá ler un texto ou ver/escoitar un documento sonoro e poderá tomar as notas que precise (15 minutos aprox.). Son para consultar durante a proba, non para ler. Na segunda, o persoal examinador vai facerlle unha serie de preguntas de benvinda e contacto persoal que non son avaliábles (1-2 minutos aprox.). Despois indicarlle á persoa candidata que comeza propiamente a proba coa parte de resumo (3 minutos aprox.), a continuación, a fase de exposición (3-4 minutos aprox.) e, por último, a de interacción co persoal examinador (4 minutos de conversa aprox.). <p>A proba oral terá unha duración máxima de 15 minutos e será gravada como garantía do proceso.</p>
<u>Modelos de exame Celga 3</u>	

Celga 4	
Proba escrita	Proba oral
<ul style="list-style-type: none"> Consta de dúas partes, a A1 e a A2. Antes da reprodución do audio ou vídeo da proba A1 terán 5 minutos para a lectura da tarefa. Nas tarefas A1 e na A2 deberán escribir un texto de 400 palabras en cada unha, no formato que se lle indique: artigo de opinión, mensaxe electrónica, carta, carta de reclamación, traballo académico, texto informativo, informe etc. <p>A proba escrita terá unha duración máxima de tres horas.</p>	<p>Consta de dúas partes:</p> <ul style="list-style-type: none"> Na primeira deberá ler un texto ou ver/escoitar un documento sonoro e poderá tomar as notas que precise (15 minutos aprox.). Son para consultar durante a proba, non para ler. Na segunda, o persoal examinador vai facerlle unha serie de preguntas de benvinda e contacto persoal que non son avaliábles (1-2 minutos aprox.). Despois indicarlle á persoa candidata que comeza propiamente a proba coa parte de resumo (3 minutos aprox.), a continuación a fase de exposición (3-4 minutos aprox.) e, por último, a de interacción co persoal examinador (4 minutos de conversa aprox.). <p>A proba oral terá unha duración máxima de 15 minutos e será gravada como garantía do proceso.</p>
<u>Modelos de exame Celga 4</u>	



8. Calendario e orde de administración das probas

A información concreta sobre as datas e os lugares de realización das probas Celga publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, así como na web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <https://www.lingua.gal/portada>, cun mínimo de 15 días naturais antes da fixada para o primeiro exame.

A proba oral correspondente a cada nivel Celga será posterior á escrita e no mesmo día. Unha vez que remate a proba escrita, publicaranse, na sede correspondente, os chamamentos para a proba oral, nos cales se indicará a hora en que cada persoa deberá estar presente para realizala.

O chamamento tanto para a proba escrita como para a proba oral será único.

Quen non se presente cando este se efectúe perderá o dereito á realización da proba.

De acordo co resultado do sorteo ao que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm.58, do 25 de marzo), os chamamentos comezarán polas persoas cuxo primeiro apelido empece pola letra que saia do devandito sorteo.

9. Probas de exames especiais

Tal e como se establece na disposición adicional cuarta da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), considéranse probas de exames especiais as destinadas a todas aquelas persoas ás que non lles é posible realizar as probas para a obtención do diploma acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega (Celga) na condicións xerais estipuladas pola Administración. Todas as probas realizadas baixo condicións especiais serán cualificadas cos mesmos criterios de avaliación empregados para as demais persoas. As adaptacións necesarias están recollidas no **punto 4** desta guía.

Se a persoa supera o resto das probas de que consta o exame, no diploma acreditativo que se lle expida farase constar que quedou exenta de satisfacer algún dos obxectivos de avaliación do exame, segundo corresponda.

10. Niveis de competencia e contidos

Os distintos niveis de competencia en lingua galega son os adaptados ao *Marco europeo común de referencia para as linguas*, recollidos no documento [Niveis de competencia en lingua galega](#).



11.Temas

Os temas están recollidos no documento *Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas.*

Cubrirase a maior variedade de temas posible e evitarase a repetición deles nas diferentes partes das probas.

Celga 1	Celga 2
<ul style="list-style-type: none"> • Expresións básicas de saúde e despedida, tratamento, agradecemento e desculpa, acordo e desacordo, felicitación, condolencia etc. • Os nomes de países e xentilicios. • Características físicas de persoas, obxectos e paisaxes: cores, tamaño, forma externa etc. • Estados de ánimo, sentimentos ou carácter. • Os nomes das horas, das partes do día, dos días da semana, dos meses do ano... • A idade, o sexo, o estado civil, o lugar de procedencia... • Relacións familiares e sociais. • As partes do corpo humano. • Léxico relacionado coas pezas de vestir. • A vivenda, o fogar e o mobiliario doméstico. • Os puntos cardinais e outro vocabulario básico referido á localización no espazo. • Léxico relacionado con agrupamentos poboacionais e tipos de hábitat, vías públicas, distribución urbana etc. • Os medios e sistemas de comunicación. • O medio físico e o relevo. • Léxico relacionado coa meteoroloxía, a temperatura etc. • Léxico básico referido á fauna e á flora. • Léxico máis habitual relacionado con alimentos, bebidas e gastronomía. • Léxico básico dos seguintes ámbitos: a Administración, a vida académica, os servizos de telefonía, correos, a atención sanitaria, as actividades de lecer, tempo libre (deporte, espectáculos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • O aspecto físico, as partes do corpo e o carácter. • Os sentimentos e os estados de ánimo. • Léxico sobre obxectos de uso cotián. • Léxico sobre lugares e actividades de lecer. • Os estados de saúde, enfermidades e accidentes. • Léxico de establecementos, produtos e servizos. • A tecnoloxía e o medio natural. • Economía, sociedade e xeografía. • A aprendizaxe das linguas. • O mundo laboral. • Expresións para desculparse, aconsellar, expresar tempo etc.



Celga 3	Celga 4
<ul style="list-style-type: none"> • A vestimenta. • Léxico de hostalaría. • Léxico académico. • Léxico de medicina e farmacia. • Léxico do lecer e o tempo libre. • Léxico comercial. • Léxico de comidas e bebidas. • Léxico administrativo. • O medio natural. • Léxico festivo. • O mundo da cultura. • Os espectáculos. • A informática. • As fórmulas de correspondencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Léxico especializado da saúde (síntomas, enfermidades, diagnósticos etc.) • Léxico referido aos negocios (calidade, produtos, mercadorías, mercado, competencia, consumidor, campaña publicitaria etc.). • O mundo laboral e económico (investimento, capital, multinacional, sucursal, sindicato, seguros, póliza etc.). • O medio natural (natureza, especies vexetais e animais etc.). • As institucións e organismos oficiais e públicos. • Léxico das festividades (Nadal, Entroido etc.). • Os sistemas políticos (eleccións, partidos etc.). • Léxico das artes, a literatura e o cine. • Léxico relacionado coa música (estilos e instrumentos musicais, actuacións etc.). • Léxico das ciencias. • Léxico da tecnoloxía (ordenadores, electrodomésticos etc.). • Expresións idiomáticas e frases feitas.

12. Tipos de texto e documentos sonoros

Os textos e os documentos sonoros serán os descritos tamén no devandito documento *Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas.*

Cubrirase a maior tipoloxía textual posible e evitarase repetila nas diferentes probas.

Utilizaranse documentos auténticos, na súa forma orixinal ou adaptados ás características e obxectivos das probas.

13. Criterios e escalas de avaliación das probas



Nas **probas escritas** valoraranse os seguintes parámetros:

➤ **Adecuación**

Neste parámetro valórase que a persoa candidata se axuste ao que se lle pide nas tarefas A1 e A2:

Extensión: poderá ser, como máximo, ata un 20% por riba ou por baixo da estipulada nas probas (lembramos que no Celga 1 é de 150 palabras, no Celga 2 de 200, no Celga 3 de 300 e no Celga 4 é de 400). De todos os xeitos, este aspecto quedará ben especificado ao comezo da proba nas indicacións correspondentes.

Tratamento dos puntos da tarefa: en canto ao tratamento dos puntos da tarefa, só contarán aqueles que se traten de forma explícita e con información pertinente.

Formato textual: o texto debe axustarse ao formato textual pertinente, se ben poden permitirse leves alteracións ou cambios nas convencións que configuran a macroestrutura dos textos.

Rexistro: debe utilizarse, en función do nivel, un rexistro adecuado á proba correspondente e dependerá de a quen vaia dirixido.

➤ **Cohesión e coherencia**

Neste parámetro valórase a cohesión e a coherencia dos textos:

Puntuación

Organización do texto

Claridade expositiva

Conectores, deíxe, sinonimia

➤ **Gramática**

Neste parámetro valórase:

A ortografía

A acentuación

As estruturas morfosintácticas

O coñecemento da norma

➤ **Léxico**

Neste parámetro valórase:

O dominio

A precisión

A riqueza léxica

ESCALAS DE AVALIACIÓN DA PROBA ESCRITA

		COHESIÓN E	
--	--	------------	--



NIVEIS	ADECUACIÓN	COHERENCIA	GRAMÁTICA	LÉXICO
CELGA 1	<p>Resolve a maioría das tarefas de xeito satisfactorio.</p> <p>O tipo de texto presentado corresponde co solicitado no enunciado, ou non se corresponde totalmente, pero pode recoñecerse a estrutura ou a presenza dalgúns dos seus elementos característicos.</p> <p>O rexistro é axeitado á situación comunicativa, aínda que haxa algúns erros ou vacilacións.</p> <p>A información é pertinente.</p> <p>A extensión é adecuada.</p>	<p>O texto presenta unha estrutura case completa.</p> <p>A división en parágrafos responde en xeral á presentación organizada das ideas, aínda que non sempre sexa apropiada.</p> <p>Emprega suficientes elementos de cohesión tanto léxicos como gramaticais e fai un uso correcto de conectores moi básicos e frecuentes, aínda que haxa algunha repetición e poucas referencias deícticas.</p> <p>Utiliza correctamente os signos de puntuación máis básicos, aínda que pode haber descoidos.</p> <p>Pode ser preciso ler algún fragmento de novo para entendolo.</p>	<p>Emprega algunhas estruturas sinxelas correctamente, pero segue cometendo erros básicos; non obstante, xeralmente queda claro o que intenta expresar.</p> <p>A ortografía é razoablemente correcta, pero non ten por que axustarse á norma.</p>	<p>Ten suficiente léxico para expresar necesidades comunicativas básicas e satisfacer necesidades concretas e cotiás.</p> <p>O seu repertorio permítelle expresar información limitada sobre temas persoais en situacións cotiás, aínda que ten que adaptar a mensaxe.</p>
CELGA 2	<p>Resolve a maioría das tarefas de xeito satisfactorio.</p> <p>O tipo de texto presentado corresponde co solicitado no enunciado, ou non se corresponde totalmente, pero pode recoñecerse a estrutura ou a presenza dalgúns dos seus elementos característicos.</p> <p>O rexistro é axeitado á situación comunicativa, aínda que haxa algúns erros ou vacilacións.</p> <p>A información é pertinente.</p> <p>A extensión é adecuada.</p>	<p>O texto presenta unha estrutura case completa.</p> <p>A división en parágrafos responde en xeral á presentación organizada das ideas, aínda que non sempre sexa apropiada.</p> <p>Emprega suficientes elementos de cohesión tanto léxicos como gramaticais e fai un uso correcto de conectores básicos e frecuentes, aínda que haxa algunha repetición e poucas referencias deícticas.</p> <p>Utiliza correctamente os signos de puntuación básicos, aínda que pode haber descoidos.</p> <p>Pode ser preciso ler algún fragmento de novo para entendolo.</p>	<p>Xeralmente ten un bo control gramatical e comunícase con razoable corrección en situacións cotiás, aínda que cunha influencia evidente doutra lingua. Comete erros, pero queda claro o que intenta expresar.</p> <p>A ortografía é o suficientemente correcta para non dificultar a comprensión.</p>	<p>Manifesta un bo dominio do léxico elemental, pero aínda comete erros importantes cando expresa pensamentos máis complexos ou aborda temas e situacións pouco frecuentes.</p> <p>Emprega un repertorio lingüístico bastante amplo en situacións cotiás, aínda que dubide e use circunloquios.</p>
	Resolve a maioría das tarefas	O texto presenta unha	Ten un bo control gramatical,	Dispón dun léxico amplo sobre



<p>CELGA 3</p>	<p>de xeito satisfactorio.</p> <p>O tipo de texto presentado corresponde co solicitado no enunciado, ou non se corresponde totalmente, pero pode recoñecerse a estrutura ou a presenza dalgúns dos seus elementos característicos.</p> <p>O rexistro é axeitado á situación comunicativa, aínda que haxa algúns erros ou vacilacións.</p> <p>A información é pertinente.</p> <p>A extensión é adecuada.</p>	<p>estrutura case completa.</p> <p>A división en parágrafos responde en xeral á presentación organizada das ideas, aínda que non sempre sexa apropiada.</p> <p>Emprega suficientes elementos de cohesión tanto léxicos como gramaticais e fai un uso correcto de conectores variados, aínda que haxa algunha repetición e poucas referencias deícticas.</p> <p>Utiliza con corrección signos de puntuación variados, aínda que pode haber descoidos.</p> <p>Pode ser preciso ler algún fragmento de novo para entendela.</p>	<p>aínda que pode ter descoidos que son escasos e a miúdo pode corrixilos retrospectivamente.</p> <p>A ortografía é razoablemente correcta, salvo algún descoido esporádico.</p>	<p>asuntos relativos á súa especialidade e temas máis xerais.</p> <p>Varía a formulación para evitar a repetición frecuente, pero as deficiencias léxicas aínda poden provocar circunloquios.</p> <p>A súa precisión léxica é xeralmente alta, aínda que teña algunha confusión ou cometa algunha incorrección ao seleccionar as palabras, sen que iso obstaculice a comunicación.</p>
<p>CELGA 4</p>	<p>Resolve a maioría das tarefas de xeito satisfactorio.</p> <p>O tipo de texto presentado corresponde co solicitado no enunciado, ou non se corresponde totalmente, pero pode recoñecerse a estrutura ou a presenza dalgúns dos seus elementos característicos.</p> <p>O rexistro é axeitado á situación comunicativa, aínda que haxa algúns erros ou vacilacións.</p> <p>A información é pertinente.</p> <p>A extensión é adecuada.</p>	<p>O texto presenta unha estrutura case completa.</p> <p>A división en parágrafos responde en xeral á presentación organizada das ideas, aínda que non sempre sexa apropiada.</p> <p>Emprega suficientes elementos de cohesión tanto léxicos como gramaticais e fai un uso correcto de conectores moi variados, aínda que haxa algunha repetición e poucas referencias deícticas.</p> <p>Utiliza con corrección os signos de puntuación, aínda que pode haber descoidos.</p> <p>Pode ser preciso ler algún fragmento de novo para entendela.</p>	<p>Mantén un alto grao de corrección gramatical de modo consistente; os erros son escasos e case non se notan.</p> <p>A ortografía é correcta, agás descoidos de carácter espo-rádico.</p>	<p>Presenta estruturas variadas cun léxico preciso e con amplitude léxica, aínda que apareza, esporadicamente, algunha incorrección de escasa entidade.</p> <p>Ten un bo dominio dun amplo repertorio léxico.</p> <p>Supera con soltura as deficiencias mediante circunloquios.</p> <p>Emprega correctamente expresións idiomáticas e coloquiais.</p>

Nas **probos orais** valoraranse os seguintes parámetros:



- **Adecuación**
Neste parámetro valórase que a persoa candidata se axuste á tarefa que se lle pide. Por exemplo, resumir non é o mesmo que opinar.
Desenvolvemento e resolución correcta das tarefas nos tempos estipulados.
Que o rexistro sexa o adecuado.
Que a información sexa pertinente.
- **Interacción**
Neste parámetro valórase que a persoa candidata colabore co/coa interlocutor/a e que manteña o diálogo nas partes da proba que requiren interacción. Valorárase que a persoa candidata tome e ceda a quenda de palabra, se intercambia información, se mantén a conversa etc.
- **Cohesión e fluidez**
Neste parámetro valórase que a persoa candidata estructure correctamente as súas ideas e que teña capacidade para desenvolverse e un ritmo de fala acorde co nivel correspondente.
- **Pronuncia e entoación**
Neste parámetro valórase que a persoa candidata utilice na oralidade e con corrección o *sistema fonolóxico do galego*.
- **Gramática**
Neste parámetro valórase a corrección morfolóxica e sintáctica:
As estruturas morfosintácticas
O coñecemento da norma
- **Léxico**
Neste parámetro valórase:
O dominio
A precisión
A riqueza léxica

ESCALAS DE AVALIACIÓN DA PROBA ORAL





NIVEIS	ADECUACIÓN E INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIACIÓN E ENTOACIÓ	GRAMÁTICA	LÉXICO
CELGA 1	Resolve a actividade en termos xerais. Axústase á finalidade do acto comunicativo, con algunha vacilación no emprego do rexistro e no desenvolvemento do contido. Emprega técnicas sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa breve.	Presenta a información de forma organizada en intervencións breves, aínda que presenta pausas e dúbidas iniciais. Emprega os conectores máis frecuentes para enlazar grupos de palabras ou oracións simples.	Ten unha pronuncia clara, aínda que presente dificultades nos fonemas máis específicos do galego e os interlocutores teñan que pedir repetición de cando en vez.	Emprega estruturas sinxelas con corrección morfosintáctica, aínda que presente algúns erros básicos.	Ten un léxico suficiente, referido a situacións e temas cotiáns, aínda que cun repertorio limitado.
CELGA 2	Resolve a actividade en termos xerais. Axústase á finalidade do acto comunicativo, con algunha vacilación no emprego do rexistro e no desenvolvemento do contido. Emprega técnicas simples para iniciar, manter ou rematar unha conversa sinxela.	Presenta a información de forma lineal, aínda que organizada, cun uso limitado dos conectores. Ten vacilacións na fluidez que non obstaculizan a comunicación.	Ten unha pronuncia intelixible, aínda que evidencia o seu acento estranxeiro e presenta erros esporádicos de pronunciación.	Consegue usar estruturas correctas aínda que con erros morfolóxicos e, en menor medida, sintácticos. Os erros non implican dificultade de comprensión e non se manifestan en palabras de uso frecuente.	Ten un bo dominio do vocabulario elemental, aínda que comete erros ao se referir a situacións complexas ou pouco frecuentes.

NIVEIS	ADECUACIÓN	INTERACCIÓN	COHESIÓN E FLUIDEZ	PRONUNCIACIÓN E ENTOACIÓ	GRAMÁTICA	LÉXICO
CELGA 3	Resolve a actividade en termos xerais. Pode adaptarse á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, con apenas faltas no desenvolvemento do contido e con vacilacións na escolla do rexistro que non comprometen a adecuación xeral da tarefa.	Emprega varias estratexias de colaboración co seu interlocutor e fai uso da quenda de palabras con naturalidade, aínda que mostre algunha rixidez para finalizar o discurso.	Presenta a información estruturada, con algunhas vacilacións episódicas na fluidez.	Ten unha pronuncia clara, con poucos erros no dominio fonolóxico.	Ten un bo control gramatical, aínda que pode presentar erros sintácticos ou morfolóxicos non sistemáticos.	Presenta un vocabulario preciso e as incorreccións son escasas. Consegue facer uso dun vocabulario amplo, aínda que ás veces teña que usar circunloquios.
CELGA 4	Resolve a actividade en termos xerais. Pode adaptarse á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, con apenas faltas no desenvolvemento do contido ou vacilacións na escolla do rexistro para a situación proposta.	Emprega varias estratexias de colaboración co seu interlocutor e fai uso da quenda de palabras con naturalidade, aínda que mostre algunhas dúbidas en contextos moi especializados ou coloquiais.	Presenta a información organizada e as ideas ben enlazadas, con algunhas vacilacións esporádicas na fluidez.	Ten unha pronuncia correcta, aínda que con algúns erros esporádicos no dominio fonolóxico.	Exprésase con corrección e presenta escasos erros morfolóxicos ou sintácticos de escasa entidade, que non indican un descoñecemento da norma.	Presenta estruturas variadas cun vocabulario preciso e con amplitude léxica, aínda que apareza, esporadicamente, algunha incorrección de escasa entidade.



14. Sistema de corrección das probas

14.1. Sistema de corrección da proba escrita

Os criterios mínimos para obter un APTO/NON APTO son os seguintes:

- Considérase APTA aquela proba que se cualifica con 3, 4 en todos os parámetros. Tamén aquela que teña só un 2 nun dos oito parámetros.
- Un 1 nun dos oito parámetros ou máis dun 2 considérase NON APTA.

Os exames poden ter ata cinco correccións:

- Na primeira corrección, determínanse cales son APTAS e NON APTAS.
- Sobre as probas NON APTAS e unha selección aleatoria de APTAS, realizarase unha segunda corrección por parte dos vogais das comisións sectoriais.
- Cando, despois das dúas correccións, para unha das persoas correctoras é APTA e para a outra é NON APTA, a proba pasa a unha terceira corrección.
- En caso de que a persoa candidata presente unha reclamación contra a cualificación provisional publicada, a Comisión Central de Avaliación realizará unha cuarta corrección.
- O recurso de alzada suporía unha quinta corrección.

14.2. Sistema de corrección da proba oral

As persoas entrevistadoras e avaliadoras teñen cadansúa grella na que van avaliando os distintos parámetros segundo os niveis.

Na primeira parte, van poñendo as súas notas individualmente e sen se consultaren. Deseguido, dirán en alto APTO ou NON APTO. Será APTO se non hai ningún 2 nin 1 na grella, e será NON APTO se hai algún 2 ou 1 na grella.

Na segunda parte, poñerán a cualificación final da proba oral. Se non coinciden, cómpre chegar a un consenso, pero se non o hai, sinalarase que hai desacordo e o exame será revisado pola comisión avaliadora escoitando a gravación da proba.

En función dos recursos dispoñibles na Secretaría Xeral de Política Lingüística e do número de persoas candidatas, este sistema pode adaptarse sen afectar en ningún caso todas as garantías do proceso.

15. Resultados das probas

Os resultados provisionais das probas publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal/portada>), no prazo máximo de dous meses dende a súa realización, salvo que se acorde a súa ampliación.

Os resultados definitivos das probas publicaranse tamén na devandita páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo máximo de catro meses dende a



súa realización, salvo que se acorde a súa ampliación.
A cualificación outorgada será APTO ou NON APTO, segundo corresponda.

16.Recomendacións finais

Antes das probas

Lea atentamente esta guía para as persoas candidatas e familiarícese co proceso de realización das distintas partes das probas.

Asegúrese do día, hora e lugar da realización das probas. Lembre que se publicará toda esta información no *Diario Oficial de Galicia*, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <https://www.lingua.gal/portada>, cun mínimo de 15 días naturais antes da data fixada para o primeiro exame.

Durante as probas

Na proba escrita

Cubra a folia de identificación da proba escrita cos datos que lle piden e lea con atención todas as instrucións do exame antes de comezar a responder.

Lembre tamén que:

- Pode distribuír o tempo dispoñible para as dúas partes como considere, pero é conveniente reservar uns minutos finais para poder facer un repaso xeral e corrixir posibles erros.
- Só pode utilizar bolígrafo negro ou azul.
- Debe escribir con letra clara nas dúas partes da proba.
- Non se permite usar material de apoio.
- Cómpre adecuarse á tarefa que se lle pide.
- Debe axustarse ao número de palabras que se lle pide e respectar os límites estipulados (20% de marxe por riba ou por baixo).
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as maiúsculas e as minúsculas cando corresponda.
- Non pode utilizar o seu nome real no texto da proba nin marcar o exame con ningún sinal.
- Non se poden utilizar líquidos ou cintas correctoras.
- Ten que entregar os borradores ao final da proba para seren destruídos, pois non serán avaliados.

Na proba oral

Lembre que na sala de lectura poderá tomar notas, ben dun documento sonoro ou ben dun texto (que non se pode levar), para poder realizar a parte de resumo.

Lembre tamén que as notas de apoio non son para ler, só para consultar durante a proba.

Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Rúa San Roque,2
15781 Santiago de Compostela
Tf.: 881 996 301 Fax: 881 996 306
sxp.secretaria@xunta.gal
www.lingua.gal



Despois das probas

Abandone a aula en silencio para non incomodar as demais persoas que continúen realizando as probas.



Xacobeo 2021

Guía para as persoas candidatas



19